

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Tecnoloxía			2024-2025
	MATERIA	Tecnoloxía e Enxeñería		
	CURSO	1º BAC	HORAS SEMANAIS	

BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

A materia profundiza nalgúns dos contidos da materia de tecnoloxía da ESO. É unha combinación de contidos científicos e técnicos relacionados cos materiais e procesos de fabricación, sistemas mecánicos, pneumáticos, eléctricos e electrónicos así como sistemas robóticos e de control. As competencias específicas orientanse a que o alumnado, mediante proxectos de deseño e investigación, fabricación, automatización e mellora de produtos e sistemas de calidade que dean resposta a problemas dados.

CONTIDOS

1. Proxectos de investigación e desenvolvemento
2. Tecnoloxía sostible
3. Materiais e fabricación
4. Sistemas mecánicos
5. Sistemas pneumáticos
6. Sistemas eléctricos e electrónicos
7. Sistemas de control e robótica. Programación
8. Comunicación, telemetría e monitorización. IoT
9. Proxectos de automatización, control e robótica

Para información máis detallada dos contidos consultar o extracto da programación do departamento de tecnoloxía na páxina web do Centro.

METODOLOXÍA

Ademais dos conceptos teóricos o alumnado vai ter que traballar de forma práctica con ordenadores, maquinaria de fabricación e material de electrónica, pneumática e control e robótica.

As unidades didácticas están enfocadas non só ao coñecemento dos diferentes sistemas tecnolóxicos, abordando os coñecementos científicos e técnicos e cálculos, senón tamén á realización de proxectos nos que se apliquen e se amplíen os coñecementos adquiridos e de xeito que se aborde todo o proceso tecnolóxico, desde o deseño, pasando pola fabricación, montaxe de circuitos, programación, avaliación, redeseño rematando na documentación e publicación, polo que debe afrontarse cunha metodoloxía práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais =	47%
Outros instrumentos de avaliación	53%
TOTAL AVALIACIÓN	100%
NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA : media das tres avaliacións	
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA: nota da proba global	

VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

Tecnoloxía e enxeñería de 2º BAC. Dirixida a estudos de Enxeñería en grados superiores.